

## 3. Educación para o consumo.

Dous premios aos traballos:

Título: *Alimentos funcionais*.

Coord.: María del Carmen Cid Manzano.

Centro: IES Otero Pedrayo.

Ourense

Título: *A botica dos avós*.

Coord.: Purificación Fernández Amorín.

Centro: CEIP Seis do Nadal.

Vigo (Pontevedra).

## 4. Prevención do consumo indebido de drogas.

Os dous premios desertos.

## 5. Educación para a saúde.

Un premio ao traballo:

Título: *Ensinando a salvar, aprendendo a vivir. Programa para o ensino dos primeiros auxilios ante accidentes escolares*.

Coord.: Roberto Barcala Furelos.

Centro: IES Cacheiras.

Teo (A Coruña).

## 6. Educación para a paz e a multiculturalidade.

Dous premios aos traballos:

Título: *Aprendendo do pasado, interpretando o presente, construíndo xuntos o futuro*.

Coord.: María Luisa Márquez Rodríguez.

Centro: IES Luis Seoane.

Pontevedra.

Título: *Caperucita roja para el mundo*.

Coord.: María Teresa Neira González.

Centro: CEIP Lamas de Abade.

Santiago de Compostela (A Coruña).

## 7. Educación para a igualdade de ambos os sexos.

Dous premios aos traballos:

Título: *Mulleres, libros e internet*.

Coord.: Anxo González Guerra.

Centro: IES Sánchez Cantón.

Pontevedra.

Título: *Pracer e dor: facer visible o invisible*.

Coord.: Marina González García.

Centro: IES Sánchez Cantón.

Pontevedra.

## 8. Educación para o lecer.

Dous premios aos traballos:

Título: *Actividade física e deportiva para o lecer*.

Coord.: María del Carmen Vallejo Pérez.

Centro: IES Pino Manso.

O Porriño (Pontevedra).

Título: *Saídas para o lecer*.

Coord.: María de los Ángeles Pousa Díaz.

Centro: CRA de Teo.

Teo (A Coruña).

## 9. Educación ambiental.

Dous premios aos traballos:

Título: *Programa educativo-didáctico Chuki na súa escola*.

Coord.: José Juan Eiras Sánchez.

Centro: CPI Fonte-Díaz.

Touro (A Coruña).

Título: *A bolboreta Doreta*.

Coord.: María Teresa Santamaría Hervella.

Centro: EEI de Vilaza.

Monterrei (Ourense).

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 30 de decembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2003/2004 convocados pola Orde do 19 de outubro de 2004.*

A Orde do 19 de outubro de 2004 (DOG do 27 de outubro), pola que se convocaban os premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2003/2004, establecía no seu artigo 8.4º que, de acordo coa proposta feita polo xurado de selección, o director xeral de Centros e Ordenación Educativa concedería os premios extraordinarios de formación profesional.

Unha vez realizada a valoración polo xurado de selección, publicada a acta provisoria coas puntuacións obtidas polos candidatos e unha vez resoltas as reclamacións presentadas e vista a acta coa proposta definitiva de adxudicacións dos premios extraordinarios, esta dirección xeral

### RESOLVE:

Primeiro.-Concederlle os premios extraordinarios de formación profesional correspondentes ao curso 2003/2004 ao alumnado que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.-Contra esta resolución pódese recorrer mediante recurso de alzada ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación dela no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2004.

Alberto González Armesto

Director xeral de Centros e Ordenación Educativa

## ANEXO

## Premios extraordinarios formación profesional 2003/2004

Apelidos e nome	NIF	Familia profesional	Ciclo de grao superior	Centro educativo	Importe
Carreiras Otero, María Azahara	33998587-X	Actividades agrarias	Xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos	IES San Rosendo Mondoñedo-Lugo	423,52 €
Rodríguez Pego, Vanessa	32687750-N	Actividades físicas e deportivas	Animación de actividades físicas e deportivas	IES Rodolfo Ucha Piñeiro Ferrol-A Coruña	423,52 €
Gallego Freire, Ana Belén	76576014-H	Administración	Administración e finanzas	IES A Piringalla Lugo	423,52 €
Busto Cortés, Silvia	35482676-R	Comercio e marketing	Comercio internacional	IES A Pontepedriña Santiago de C.- A Coruña	423,52 €
Ponte Rodríguez, Inés	47362001-X	Edificación e obra civil	Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas	IES Fernando Wirtz Suárez A Coruña	423,52 €
Pereiras Magariños, José Carlos	52472071-D	Electricidade e electrónica	Sistemas de telecomunicación e informáticos	IES Francisco Daviña Rey Monforte de Lemos-Lugo	423,52 €
Mayobre Vizoso, Alejandro	32702249-K	Fabricación mecánica	Producción por mecanizado	IES Marqués de Suanzes Ferrol-A Coruña	423,52 €
Fernández Callón, Xoán Xosé	52930391-P	Hostalería e turismo	Aloxamento	IES Compostela Santiago de C.-A Coruña	423,52 €
Souto García, Rocío Amparo	32670338-B	Imaxe persoal	Estética	IES Ricardo Carballo Calero Ferrol-A Coruña	423,52 €
Gil Ferreira, David	46907896-V	Industrias alimentarias	Industria alimentaria	IES Paseo das Pontes A Coruña	423,52 €
Román Candamil, Cristina	33348447-B	Informática	Administración de sistemas informáticos	IES Lois Peña Novo Vilalba-Lugo	423,52 €
Varela Gavín, José Luis	33344707-C	Mantemento de vehículos auto-propulsados	Automoción	IES Porta da Auga Ribadeo-Lugo	423,52 €
Yáñez García, Andrés	32706586-B	Mantemento e servizos á produción	Mantemento de equipamentos industriais	IES Punta Candieira Cedeira-A Coruña	423,52 €
Aller Estévez, Ángel	76729307-L	Química	Química ambiental	IES Monte de Conxo A Coruña	423,52 €
Blanco López, Carmen	33257969-S	Sanidade	Saúde ambiental	IES Lamas de Abade Santiago de C.- A Coruña	423,52 €
Blanco Vázquez, Belén	44824729-Y	Servizos socioculturais e á comunidade	Animación sociocultural	IES A Pontepedriña Santiago de C.-A Coruña	423,52 €
Miranda Muíño, Yésica	79332521-R	Téxtil, confección e pel	Patronaxe	IES Paseo das Pontes A Coruña	423,52 €

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,  
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

*Resolución do 10 de decembro de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do Concello de Cariño.*

Visto o expediente do convenio colectivo do Concello de Cariño (código convenio 1504182), que tivo entrada nesta delegación provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais o día 27-4-2004, complementado o día 29-11-2004 e subscrito pola parte económica polo Concello de Cariño e pola parte social polos delegados de persoal o día 10-3-2004, ratificado polo Pleno da Corporación o día 3-4-2004, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta

delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 10 de decembro de 2004.

Cristina Azpilcueta González  
Delegada provincial da Coruña

Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Cariño

Capítulo I  
Disposicións xerais

Artigo 1º. Ámbito de aplicación ao persoal.

Os acordos que se recollen neste documento serán de aplicación ao persoal laboral que preste servizos no Concello de Cariño, calquera que sexa a localización da dependencia, servizo ou número de traballadores que o atenden considerándose para tal efecto o concello como única unidade de traballo. Agás o persoal directivo e de libre designación que puidera nomearse.

Artigo 2º. Ámbito de vixencia temporal.

1. Este convenio entrará en vigor unha vez aprobado polo pleno, o día que sexa publicado no BOP da Coruña.